



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
☎ 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN COLOMBOFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 22 DE ABRIL DE 2017.

En Santiago de Compostela, sendo as dez horas e cinco minutos do día 22 de Abril de 2017, baixo a presidencia de D. Eliseo Castro López, Presidente desta Federación Colombófila Galega, actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis e asistindo os membros da mesma que a continuación se relacionan, iniciase a reunión da Comisión Delegada desta Federación.

Asistentes:

Presidente D. Eliseo Castro López
Secretario: D. Manuel Rey San Luis
Tesorero: D. José R. Costas Carbajal
Vicepresidente 1º: D. Manuel Adolfo Fernández Mallo
Vicepresidente 2º: D. Enrique Freire Sobral
Vocal: Camilo Pereiro Francés

Excusan su asistencia:

Vocal: Alberto Pita Pérez
Vocal: D. Lois Seijo Castro
Vocal: D. Jaime Manuel López Rodríguez
Vocal: D. Pedro Becerra González

Reúnese a Xunta Directiva desta Federación co seguinte orde do día:

- 1º.- Lectura e aprobación se procede da Acta da reunión anterior.**
- 2º.- Coñecemento e aprobación se procede do exercicio económico ao 31-12-2016 (peche exercicio económico correspondente ao ano 2016)**
- 3º.- Coñecemento do balance económico ao 31-03-17**
- 4º.- Outros programas informáticos para a confección de clasificacións federativas (Segundo acordo adoptado en Asemblea Xeral federativa do pasado día 26-11-16)**
- 5º.- Modo de publicación de clasificacións na Web e o seu envío aos clubs (Acordouse na Asemblea de envialas cos 4 derradeiros díxitos dos aneis tapados)**
- 6º.- Termostatos para os camiós.**
- 7º.- Evolución da Influencia Aviar.**
- 8º.- Impugnación á Acta d Asemblea Xeral do día 26-11-16 por parte de Oscar Martínez Mañana (membro da Comisión Delegada)**
- 9º.- Rogos e preguntas.**



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
☎ 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario á Acta da sesión anterior sendo aprobada por unanimidade.

2.- COÑECEMENTO E APROBACIÓN SE PROCEDE DO EXERCICIO ECONÓMICO AO 31-12-2016 (Peche exercicio correspondente ao ano 2016)

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 31-12-16 sendo aprobado por unanimidade.

3.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 31-03-17.

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 31-03-17, sendo aprobado por unanimidade.

4.- OUTROS PROGRAMAS INFORMÁTICOS PARA A CONFECCIÓN DAS CLASIFICACIÓN FEDERATIVAS (Segundo acordo adoptado na Asemblea Xeral do pasado día 26-11-16)

Ao non haber ningunha proposta presentada polos clubs desta Federación con respecto a este punto, acordase solicitarlles a Mariano Oliveira (Andalucia) e a GLOFT (Portugal) información dos programas cos que traballan eles por si se adaptan ás nosas necesidades, asemade necesitamos coñecer a decisión final da RFCE con respecto ao programa informático que van a utilizar eles.

5.- MODO DE APLICACIÓN DE CLASIFICACIÓN NA WEB E A O SEU ENVÍO AOS CLUBS (Acordouse na Asemblea Xeral de envialas cos catro derradeiros díxitos dos aneis tapados)

Logo de enviar as clasificación para ser publicadas na páxina Web do xeito que se acordou na Asemblea Xeral (tapando os 4 derradeiros díxitos dos aneis), houbo varias queixas por parte dos socios, xa que desta maneira non se poderían identificar as pombas, polo que se acorda nesta reunión modificar este xeito de envialas clasificacións tendo que quedar visibles os tres derradeiros díxitos dos aneis (ud, decena e centena) de igual xeito acordouse enviar aos clubs as clasificación desta maneira.

6.- TERMOSTATOS PARA OS CAMIÓN.-

O Sr. Presidente pon en coñecemento dos membros asistentes que xa están instalados os termostatos nos camiões para o control da temperatura destes aos distintos puntos de solta da campaña deportiva. Xa hai lecturas tomadas das soltas dos días 2 e 9 de Abril.

7.- EVOLUCIÓN DA INFLUENCIA AVIAR.

Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes sobre as derradeiras novas acadadas sobre a Influenza Aviar a tenor do mail recibido da RFCE con data 3 de Abril no que se comunica o levantamento das medidas



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
☎ 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



de restricción por Influenza Aviar en España para o movemento dos animais tanto a nivel nacional como a nivel intracomunitario.

8.- IMPURGNACIÓN Á ACTA DA ASEMBLEA XERAL DO DIA 26-11-16 POR PARTE DO SR. OSCAR MARTÍNEZ MAÑANA (Membro desta Comisión Delegada)

Analizada a impugnación que presentou o Sr. Oscar Martínez Mañana na Secretaría desta Federación o pasado día 23 de Marzo vía correo electrónico, acordouse nesta reunión desestimar dita impugnación xa que non se adapta a dereito segundo os Estatutos desta Federación, acordándose tamén presentar dita impugnación na seguinte Asemblea Xeral para o seu debate.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

- Sr. Presidente: Propón darlle validez ao correo enviado polo club Pombas do Morrazo con respecto ao cobro de cestas. Aprobado para as soltas de Media Distancia (Puebla de Sanabria e Astorga).
- Sr. Camilo Pereiro: Con respecto ao cobro dos aneis extranxeiros, propón que se cobren a final da campaña e soamente as que se voen.
- Sr. Manuel Mallo: dá lectura dos regulamentos nacionais con respecto á documentación que hai que enviar dos campionatos nacionais.
- Acórdase propoñer á Asemblea Xeral da Federación facerse cargo da confección da licenza federativa.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as Trece horas e trinta minutos do día da data.

Fdo. Eliseo Castro López
- Presidente -



Fdo.: Manuel Rey San Luis
- Secretario -